

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Contratación persoal laboral fixo Lourdes Dourado González

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001441

Considerando a Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as Bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha praza de orientador/a laboral, persoal laboral fixo, ao abeiro do disposto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Sendo que con data 25 de outubro de 2024 o tribunal cualificador realizou a proposta de contratación da aspirante Lourdes Dourado González.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1358/2024, de 30 de outubro, que lle requiriu á aspirante proposta a presentación da documentación esixida nas Bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Lourdes Dourado González o día 5 de novembro de 2024, con Rexistro de Entrada nº 5.034.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Contratar como persoal laboral fixo a Lourdes Dourado González, con DNI nº \*\*\*7972\*\*, para prover unha (1) praza de orientadora laboral, grupo A, subgrupo A2, con data de efectos do día seguinte ao da notificación da presente Resolución.

**Segundo.-** Notificar á presente resolución á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar traslado ao concelleiro de Desenvolvemento Industrial, Economía Local e Parques e Xardíns así como como aos Departamentos de Intervención e Recursos Humanos

**Terceiro.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal>, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

**Cuarto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

**Quinto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,  
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz